



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 30 de outubro de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font.  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día trinta de outubro de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno Sr. Riesgo Boluda, por ausencia da titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1232).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1233).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIONS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018. EXPTE. 17473/333.**

Visto o informe de fiscalización do 29/10/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o técnico deportivo da concellería de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

## I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 16 de outubro de 2018 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo e o Técnico deportivo da área de deportes como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a avaliación das solicitudes farase tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, e que os as actividades da tempada 2017-2018, e que se establecen do seguinte xeito:

### a) Nivel da competición.

- Campionato do Mundo: Ata 20 puntos.
  - Categoría absoluta: 10 puntos por campionato.
  - Outras categorías: 5 puntos por campionato.
- Campionato de Europa: Ata 10 puntos.
  - Categoría absoluta: 5 puntos por campionato.
  - Outras categorías: 4 puntos por campionato.
- Outras competicións oficiais de ámbito internacional (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuítos oficiais...): Ata 5 puntos.
  - Categoría absoluta: 2,5 puntos por campionato.
  - Outras categorías: 1,5 puntos por campionato.
- Campionatos de España: Ata un máximo de 2 puntos.
  - Categoría absoluta: 1 puntos por campionato.
  - Outras categorías: 0,5 puntos por campionato.

b) Rendemento deportivo: Segundo o posto acadado nas competicións nas que participe: No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, terase en conta o resultado que outorgue unha maior puntuación.

	Cto. España		Outras compet. Intrais		Cto. Europa		Cto. Mundo	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	2 puntos	1,5 puntos	3 puntos	2 puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	10 puntos
5º a 8º Posto	1 puntos	0,5 puntos	1,5 puntos	1 puntos	8 puntos	4 puntos	15 puntos	7,5 puntos
Participación	- puntos	- puntos	1 puntos	0,5 puntos	3 puntos	1,5 puntos	6 puntos	3 puntos



## Concello de Vigo

c) **Ámbito territorial do desprazamento:** Valorarase o desprazamento a cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante. Só valorarase este criterio si a competición se celebra fora da Comunidade Galega.

	Outras compet. Intnais. e Cto. España	Cto. Europa	Cto. Mundo
España/Portugal	1 punto	5 puntos	6 puntos
Resto do Mundo	2 puntos	10 puntos	12 puntos

d) **Duración do Campionato:** Valorarase a duración de cada unha das competicións nas que participe o/a solicitante. En todos os casos, computará como primeiro día de competición o día anterior ó inicio oficial da participación do/da deportista na mesma, ata o último día oficial de competición oficial.

- **Campionato do Mundo:** Ata un máximo de 12 puntos.
  - España/Portugal: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
  - Resto do Mundo: Ata un máximo de 12 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
- **Campionato de Europa:** Ata un máximo de 10 puntos.
  - España/Portugal: Ata un máximo de 5 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
  - Resto do Mundo: Ata un máximo de 10 puntos por campionato. Valorarase 1 punto por día de competición.
- **Outras competicións oficiais Internacionais de alto nivel (Copas de Europa, Copas do Mundo, circuitos oficiais...):** Ata un máximo de 6 puntos.
  - España/Portugal: Ata un máximo de 3 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.
  - Resto do Mundo: Ata un máximo de 6 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.
- **Campionatos de España:** Ata un máximo de 3 puntos. Só valorarase este criterio si a competición se celebra fora da Comunidade Galega.
  - Ata un máximo de 3 puntos por campionato. Valorarase 0,5 puntos por día de competición.

A esta convocatoria presentáronse un total de 13 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 11 e rexeitáronse 2 polos motivos detallados no anexo II.

Da avaliación realizada polo órgano colexiado en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de solicitantes é de 611,5 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 50.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 81,77 €.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algúns dos/das solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado ou o importe máximo correspondente por tipo de competición ou por deportista, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta para eles/as inicialmente.

A comisión de valoración das solicitudes acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada un/ha dos/das solicitantes de subvención admitidos/as no proceso.

Os/as solicitantes de subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta a responsabilidade na que incorrerían os/as solicitantes no caso de falsear os datos na solicitude.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada un/unha dos/as solicitantes admitidos. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada solicitante e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 611,5 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 50.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 81,77€. Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algúns dos/das solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado ou o importe máximo correspondente por tipo de competición ou por deportista, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta para eles/as inicialmente.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas acredita que todos os solicitantes presentaron declaración responsable acreditativa de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica, a AEAT e o Concello de Vigo. Así mesmo o servizo informa que a área de estatística informou que, comprobados os datos sobre o empadramento dos solicitantes, todos/as os solicitantes admitidos/as cumpren co requisito de estar empadrados en Vigo desde o 1 de xaneiro de 2017 ata a actualidade, tal e como establecen os requisitos establecidos na base 5ª.

Por todo o dito anteriormente, proponse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1.-Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións orientadas a potenciar programas de participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel na tempada deportiva 2017/2018 segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 26.023,17€, con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 do orzamento do 2018.

2.-Rexeitar as solicitudes dos seguintes solicitantes pola seguinte causa:

- Por non cumprir o requisito establecido na base 10ª das da convocatoria en relación á presentación da documentación:



## Concello de Vigo

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº REXISTRO
T. C. A.	775.....	180149677

- Por non subsanar a documentación requirida no prazo establecido na base 12ª da convocatoria:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº REXISTRO
CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G36846608	180149712

3.-Ampliar o prazo de xustificación das subvencións acadadas, establecido na Base 16ª da Convocatoria, do 3 de novembro de 2018 ata o 15 de novembro de 2018.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE BENEFICIARIOS/AS EN RELACIÓN Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018 (EXPTE. 17473/333)”.

	Expte.	Deportista	Modalidade	DNI	Puntos	Importe
1	17830-333	M.M.G.	Badminton	77.....0G	14,5	1.070,00€
2	17738-333	L.B.A.	vela	39.....8Y	44	1.859,21€
3	17746-333	CLUB FLAC	FLIC X. Acrob.	G36931582	156	7.793,96€
4	17745-333	J.W.P.	vela	39.....5E	4,5	300,00€
5	17742-333	G.F.F.	Badminton	39.....2A	20	1.500,00€
6	17741-333	J.F.F.	Badminton	39.....1W	22,5	1.500,00€
7	17784-333	L.L.C.	Vela	39.....7Z	52	2.000,00€
8	17747-333	M.P.R.	Tenis	39.....2M	56	2.500,00€
9	17744-333	M.W.P.	Vela	39.....4K	93,5	2.500,00€
10	17740-333	P.S.G.	Vela	53.....5R	71,5	2.500,00€
11	17833-333	S.R.G.	Triatlón	361.....6A	77	2.500,00€

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS A POTENCIAR PROGRAMAS DE PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ALTO NIVEL NA TEMPADA DEPORTIVA 2016/2017 (EXPTE. 16142/333)”.

- Por non cumprir o requisito establecido na base 10ª da convocatoria en relación á presentación da documentación:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº REXISTRO
T. C. A.	775.....	180149677

- Por non subsanar a documentación requirida no prazo establecido na base 12" das da convocatoria:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº REXISTRO
CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G36846608	180149712

**3(1234).- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB MARÍTIMO DE VIGO PARA COADXUVAR NA ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DE EUROPA CLASE LÁSER ENTRE O 5 E O 11 DE OUTUBRO DE 2018. EXPTE. 17922/333.**

Visto o informe xurídico de data 24/10/18 e o informe de fiscalización, do 29/10/18, dáse conta do informe-proposta do 17/10/18, asinado polo xefe de Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro delegado da área de deportes resolveu en data 10/10/18 que se iniciase a tramitación do expediente de subvención a favor do Club Marítimo de Vigo en relación á celebración do Campionato de Europa Láser de Vela entre o 5 e o 11 de outubro de 2018.

O evento ten prevista a súa celebración entre os días 5 e 11 de outubro de 2018, e está directamente relacionado co convenio de colaboración asinado o 04/10/18 entre o Concello de Vigo, a Deputación de Pontevedra *"para o desenvolvemento dun programa de promoción deportiva da vela a través da organización do campionato de Europa Láser na cidade de Vigo"*.

O evento é organizado polo Club Marítimo de Vigo, entidade, que posúe os dereitos da competición tal como se acredita na documentación presentada, e tense prevista unha gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais.

Dña. Zulema Prazo Quiroga ostenta o cargo de Presidenta do Club Marítimo de Vigo segundo a documentación que se achega no expediente.

O carácter deportivo atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.l e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Con data 20 de novembro de 2015, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen os de promoción do deporte.

No Protocolo de colaboración estableceuse que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica



## Concello de Vigo

e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

Ao amparo do Protocolo de colaboración entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou con data 27 de setembro de 2018 o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento dun proxecto de promoción deportiva a través da Vela (expediente 17639-333), co obxecto de coadjuvar ao desenvolvemento do Campionato de Europa Láser de vela na cidade de Vigo.

Como resultado deste acordo, o servizo de deportes dispón co crédito necesario de 30.000,00 €, na aplicación do seu vixente orzamento:

3410.489.0012. Subv. Cto. Europa de vela láser	30.000,00€
--	------------

Os gastos derivados da organización e desenvolvemento do Campionato de Europa láser de vela, segundo o presuposto presentado polo Club Marítimo de Vigo, ascenden a un total de 60.000,00,00 euros, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

O réxime xurídico de aplicación da presente proposta de adxudicación de subvención atenderá ao previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á partida 34104890012, que dispoñe do crédito necesario que dea cobertura á concesión dunha subvención directa por importe de 30.000,00 (trinta mil euros) para o "Campionato de Europa láser de vela"; xa que concorren razóns de interese público e social, así como de exclusividade que non permiten a convocatoria dunha concorrencia pública, dado que o Club Marítimo de Vigo, CIF G27780535 ostenta os dereitos competición obxecto da subvención, tal como acredita na documentación aportada.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional e que conta cunha ampla promoción da actividade deportiva, tendo en conta ademais que a entidade ostenta os dereitos de exclusividade da competición na cidade de Vigo tal como acredita na documentación da solicitude. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Esta proposta de subvención está suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social, que a entidade beneficiaria terá que xustificar axeitadamente.

A entidade encargarse da organización xeral do evento e asume todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 60.000,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello as que se detallan na documentación anexa no expediente por importe de 30.000,00 €, o que supón un porcentaxe do 50% do total do gasto.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución de concesión, e no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións, establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na propia lei, e o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social,

económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo de promoción da vela “Campionato de Europa láser de vela” que se celebra na cidade de Vigo entre o 5 e o 11 de outubro de 2018.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Club Marítimo de Vigo posúe os dereitos da competición. O evento ten prevista unha gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.





## Concello de Vigo

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que o Club Marítimo de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17922/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 16 de novembro de 2018.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
2. Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Renditas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

- Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
- En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.



## Concello de Vigo

O texto da proposta incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que a proposta persegue.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que o Club Marítimo de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 17922/333.

A proposta de adxudicación directa ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado;

Que, de conformidade co artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da proposta e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do Concelleiro de deportes e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

### **PROPOSTA:**

**PRIMEIRO.-** Que se aprobe o texto da proposta de adxudicación da subvención, que se achega no expediente, a favor do Club Marítimo de Vigo, CIF G27780535, pola organización do Campionato de Europa láser de vela, que se celebra na cidade de Vigo entre o 5 e o 11 de outubro de 2018, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados co desenvolvemento do proxecto deportivo de promoción da vela "Campionato de Europa láser de vela" que se celebra na cidade de Vigo entre o 5 e o 11 de outubro de 2018.

b) A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro,

Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade o Club Marítimo de Vigo posúe os dereitos da competición. O evento ten prevista unha gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

d) Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

e) Que o Club Marítimo de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 17922/333.

f) A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo o 16 de novembro de 2018.



## Concello de Vigo

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

1. Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
2. Que no caso de que os gastos presentados constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
3. Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
4. Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
5. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.
6. Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
  - Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
  - Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da

tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

- En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

g) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

i) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

j) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

**SEGUNDO.-** Que se autorice un gasto por importe de 30.000,00 euros, a favor do Club Marítimo de Vigo, CIF G27780535, con cargo á aplicación presupostaria do programa orzamentario da área de deportes para o vixente exercicio:

Aplicación orzamentaria	Exercicio 2018
Subv. Cto Europa de vela láser 34104890012	30.000,00 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**4(1235).- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DAS “AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2018”. EXPTE. 15162/77.**

Visto o informe de fiscalización do 25/10/18, dáse conta do informe-proposta do 17/10/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, leva a cabo programas e proxectos, sendo uns dos seus principais obxectivos fomentar o emprego, así como o autoemprego e a creación de novas empresas. Neste senso, encádrase, entre outros, o “Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas”, como unha medida de reforzo das axudas que outras administracións convocan anualmente para os novos emprendedores e, co obxecto de apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais xeradores de emprego.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 10 de maio de 2018, aprobou as bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas, cunha disposición total de 70.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 “Axudas á creación de empresas” do Estado de Gastos do vixente orzamento contabilizándose o RC Núm. 201800043254 (achégase copia do informe de intervención). As Bases reguladoras destas axudas foron publicadas no BOP nº 95, do venres 18 de maio de 2018 e difundidas mediante unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do Concello de Vigo. O extracto da convocatoria publicouse no BOP nº 98, do 23 de maio de 2018. O prazo de presentación de solicitudes rematou o 8 de xuño.

De acordo co establecido na base 3ª, apartado 3.1: *“... tramitarase en réxime de concorrencia competitiva: a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.”*

O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, con data 10/10/2018, resolveu nomear ás técnicas do servizo, conforme ao establecido coa base 3ª, apartado 3.2, como integrantes da Comisión de Valoración e Seguimento que preside, segundo consta incorporado ao expediente.

Logo de examinar as solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, pola comisión de valoración e seguimento das Axudas Municipais á Creación de Empresas baremáronse segundo o apartado 1.6. aquelas que cumpriron a base 1ª, no seu apartado 1.2 Beneficiarios/as, o apartado 1.3. Requisitos e o apartado 1.4 Obrigas. Como o montante total das solicitudes debidamente presentadas superaba o orzamento previsto para tal fin, logo de aplicar os criterios de avaliación establecidos na base 1.6.1, fíxose necesario ordear segundo a puntuación obtida en forma descendente, polo que os importes a subvencionar son os calculados, para cada solicitante, segundo o previsto na base 1.6.2, ata esgotar a cantidade máxima autorizada de 70.000€ de conformidade coa acta da Comisión de

Valoración e Seguimento do 11/10/2018 que se achega no expediente, tal e como recollen as táboas seguintes:

–Solicitudes que acadaron unha maior puntuación segundo os criterios de avaliación:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CONCEDER
15345/77	GAL VÍCTOR ENSINO, SLL	B27847409	22	1.802,91 €
15361/77	ACORDA SOLUCIONA, S. COOP. GALEGA	F27852102	22	730,94 €
15385/77	PSIALIA SOC. COOPERATIVA GALEGA	F27845882	20	626,79€
15402/77	PATRICIA MARIA OYA MILLOS	*****896B	20	579,26€
15408/77	SUIS, CB	E27849959	20	3.000,00 €
15424/77	SWISS SALON, CB	E27844893	18,25	3.000,00 €
15420/77	CARMEN BOMBÓN, SL	B27852961	18	1.790,69 €
15443/77	LIDIA PREDÁ	*****375R	18	973,22 €
15437/77	HOSTAL LOS TRES PAISES, SL	B27845056	17,75	3.000,00 €
15377/77	RAMÓN IRAGO SOUTIÑO	*****939H	16	3.000,00 €
15380/77	YARACAN GALICIA, CB	E27845106	16	1.118,74 €
15387/77	IRIA MARTÍNEZ PIÑEIRO	*****654R	16	3.000,00 €
15389/77	ESENCIASTEAM, SL	B27851195	16	3.000,00 €
15403/77	SPIRITED GROUP, S. COOP. GALEGA	F27853217	16	2.650,74 €
15375/77	HUGO PIÑEIRO GIMÉNEZ	*****545V	14,44	3.000,00 €
15414/77	CAFE BAR CONCERTO A PEDRA, SLL	B27850957	14	2.615,43 €
15425/77	CARMEN CABALEIRO CEREIJO	*****836Z	14	2.562,78 €
15428/77	YOLANDA FERNÁNDEZ MONTENEGRO	*****295V	14	1.488,65 €
15430/77	NECTARINA 2017 SL	B27847052	14	3.000,00 €
15449/77	EVA MARÍA FIGUEIRA VIEITES	*****471J	14	3.000,00 €
15393/77	CAFETERIA TÚ YO, CB	E27844463	12,4	3.000,00 €
15363/77	BEATRIZ BARCIELA OCAMPO	*****434V	12	1.823,21 €
15376/77	JORGELINA RAMONA VEGA	*****852X	12	2.237,60 €
15383/77	ENTREPANAS 17, SLL	B27848373	12	1.377,86 €
15399/77	AYFUWA GLADYS	*****788N	12	219,98 €
15413/77	OCEAN SECRETS S.COOP.GALEGA	F27839752	12	3.000,00 €
15432/77	MÓNICA FERNÁNDEZ GUTIÉRREZ	*****517L	12	3.000,00 €
15433/77	GAZILI HOSTELERÍA, SC	J27848118	12	1.164,68€
15435/77	MÉNDEZ MISA, SLL	B27851583	12	3.000,00 €
15438/77	RIVAS & FONSECA, SLL	B27843341	12	1.872,27€
15441/77	PROX CONSULTORES, SL	B27853746	12	2.358,20€





## Concello de Vigo

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CONCEDER
15386/77	MARÍA VIRGINIA VEIGA VIZCAÍNO	*****960E	11	2.965,09€
15384/77	DAVID SANTIAGO LOJO RIOS	*****232M	11	40,96 €

- Solicitudes denegadas aínda que foron debidamente presentadas pero que acadaron unha menor puntuación de acordo co baremo establecido:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO
15397/77	MARIANA MAVILLA MARCOCCIA	*****861W	10
15434/77	BOU & GO CB	E27849827	10
15419/77	NOELIA TERESA RODRÍGUEZ COSTAS	*****730N	10
15342/77	MARIA PILAR GÓMEZ ABALO	*****661D	10
15429/77	RAÚL BASALO RODRÍGUEZ	*****445E	10
15318/77	JOSÉ ANTONIO LEA GONZÁLEZ	*****893N	9
15445/77	MARIA JESÚS SAHAGÚN CEBRAL	*****096C	9
15338/77	MARIA TERESA VIDAL GARCÍA	*****174D	8
15364/77	M <sup>a</sup> NOELIA COSTA RAMOS	*****354D	8
15365/77	LYDIA GARCÍA RODRÍGUEZ	*****727S	8
15378/77	ÁNGELA MARÍA ÁLVAREZ PASTORIZA	*****615J	8
15381/77	MARTA CASTELOS CORTIZAS	*****940K	8
15382/77	PAULA RIVERA GARCÍA	*****648M	8
15394/77	FRANCIELA DEL CARMEN PÉREZ PINTO	*****806S	8
15400/77	FRANCISCO MARTÍNEZ COMESAÑA	*****240P	8
15401/77	CARLOS BERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	*****316N	8
15404/77	JORGE LUIS VILLALOBOS PERNALETTE	*****113N	8
15406/77	M <sup>a</sup> DEL CARMEN RODRÍGUEZ ALONSO	*****568N	8
15409/77	ARIANE GOES MARTÍNEZ	*****852H	8
15431/77	FÁTIMA MARTÍNEZ PUENTES	*****703F	8
15440/77	GUIBRA MULTISERVICIOS, SL	B27852649	8
15442/77	TANIA MARÍA PAZO VILA	*****473V	8
15451/77	AMANDA VÁZQUEZ PÉREZ	*****139Z	8
15366/77	FRANCISCO MANUEL OTERO PEGITO	*****760W	6
15396/77	GUILLERMO ENRIQUE PIÑATE	*****877K	6
15407/77	JONATHAN MANUEL VIEITES PENEDO	*****206P	6
15418/77	JAVIER MADRIÑÁN LAGO	*****563A	6
15421/77	ALBA GALLEGO SALINAS	*****314R	6

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO
15450/77	ESTEBAN GONZÁLEZ ROMÁN	*****364Z	6
15405/77	FLORIN IULIAN CIAUSU	*****390Z	4
15427/77	MIGUEL DE MATOS FERNÁNDEZ	*****092H	4

- Solicitantes que presentan desestimiento da súa solicitude:

EXPTE.	SOLICITANTE	NIF
15412/77	EULOGIO JOSÉ GAVELA CRESPO	*****89G

7. SOLICITUDES DENEGADAS por non cumprir os requisitos ou por non achegar a documentación requirida:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
15379/77	ANTONIO TOUZA RODRÍGUEZ	*****968E	DOC
15395/77	PETS & CO VIGO, CB	E27848845	DEB
15398/77	FERNANDA ÁLVAREZ MALLEIRO	*****659P	DOC
15410/77	EL POZO MÁGICO CB	E27848167	DOC
15415/77	ROBERTO MACHÍN MADRIGAL	*****487V	CES
15426/77	LILIANA DEL CARMEN TUNZI GÓMEZ	*****206V	DOC
15436/77	ROSALÍA NIEVES GARCÍA PÉREZ	*****394W	DOC
15439/77	MARÍA LUISA CHORÉN DURÁN	*****796V	DOC
15446/77	JOSÉ PEDRO LEMOS PIRES	*****956B	DEB, DOC
15447/77	JOSÉ IGNACIO RODRÍGUEZ PACHÓN	*****591R	DOC
15448/77	DIEGO ALEJANDRO HERNÁNDEZ SANDOVAL	*****523Z	DOC

(\*) **CÓDIGOS DE DENEGACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2018**

COD.	CONCEPTO	BASE	APTDO.
CES	Cese da actividade empresarial	1 <sup>a</sup>	1.4
DEB	Ter débedas co concello a empresa e/ou algún/s promotor/es	1 <sup>a</sup>	1.3.5
DOC	Falta de documentación requirida en prazo	4 <sup>a</sup>	4.2

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.



## Concello de Vigo

As empresas beneficiarias das axudas están obrigadas **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao **da súa notificación** a comunicar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19.06.2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o gasto por un importe total de **70.000€** (setenta mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 "Axudas á creación de empresas", para as solicitudes que acadaron unha maior puntuación, segundo os criterios de avaliación e polos importes calculados dacordo co tipo e/ou contía das axudas e gastos subvencionables, segundo o seguinte cadro:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CONCEDER
15345/77	GAL VÍCTOR ENSINO, SLL	B27847409	22	1.802,91 €
15361/77	ACORDA SOLUCIONA, S. COOP. GALEGA	F27852102	22	730,94 €
15385/77	PSIALIA SOC. COOPERATIVA GALEGA	F27845882	20	626,79€
15402/77	PATRICIA MARIA OYA MILLOS	*****896B	20	579,26€
15408/77	SUIS, CB	E27849959	20	3.000,00 €
15424/77	SWISS SALON, CB	E27844893	18,25	3.000,00 €
15420/77	CARMEN BOMBÓN, SL	B27852961	18	1.790,69 €

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO	SUBV.A CONCEDER
15443/77	LIDIA PREDÁ	*****375R	18	973,22 €
15437/77	HOSTAL LOS TRES PAISES, SL	B27845056	17,75	3.000,00 €
15377/77	RAMÓN IRAGO SOUTIÑO	*****939H	16	3.000,00 €
15380/77	YARACAN GALICIA, CB	E27845106	16	1.118,74 €
15387/77	IRIA MARTÍNEZ PIÑEIRO	*****654R	16	3.000,00 €
15389/77	ESENCIASTEAM, SL	B27851195	16	3.000,00 €
15403/77	SPIRITED GROUP, S. COOP. GALEGA	F27853217	16	2.650,74 €
15375/77	HUGO PIÑEIRO GIMÉNEZ	*****545V	14,44	3.000,00 €
15414/77	CAFE BAR CONCERTO A PEDRA, SLL	B27850957	14	2.615,43 €
15425/77	CARMEN CABALEIRO CEREIJO	*****836Z	14	2.562,78 €
15428/77	YOLANDA FERNÁNDEZ MONTENEGRO	*****295V	14	1.488,65 €
15430/77	NECTARINA 2017 SL	B27847052	14	3.000,00 €
15449/77	EVA MARÍA FIGUEIRA VIEITES	*****471J	14	3.000,00 €
15393/77	CAFETERIA TÚ YO, CB	E27844463	12,4	3.000,00 €
15363/77	BEATRIZ BARCIELA OCAMPO	*****434V	12	1.823,21 €
15376/77	JORGELINA RAMONA VEGA	*****852X	12	2.237,60 €
15383/77	ENTREPANAS 17, SLL	B27848373	12	1.377,86 €
15399/77	AYFUWA GLADYS	*****788N	12	219,98 €
15413/77	OCEAN SECRETS S.COOP.GALEGA	F27839752	12	3.000,00 €
15432/77	MÓNICA FERNÁNDEZ GUTIÉRREZ	*****517L	12	3.000,00 €
15433/77	GAZILI HOSTELERÍA, SC	J27848118	12	1.164,68€
15435/77	MÉNDEZ MISA, SLL	B27851583	12	3.000,00 €
15438/77	RIVAS & FONSECA, SLL	B27843341	12	1.872,27€
15441/77	PROX CONSULTORES, SL	B27853746	12	2.358,20€
15386/77	MARÍA VIRGINIA VEIGA VIZCAÍNO	*****960E	11	2.965,09€
15384/77	DAVID SANTIAGO LOJO RIOS	*****232M	11	40,96 €

SEGUNDO.- Denegar a axuda, segundo o apartado 1.6 da base 1ª, para as solicitudes debidamente presentadas pero que acadaron unha menor puntuación de acordo co baremo establecido:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO
15397/77	MARIANA MAVILLA MARCOCCIA	*****861W	10
15434/77	BOU & GO CB	E27849827	10
15419/77	NOELIA TERESA RODRÍGUEZ COSTAS	*****730N	10
15342/77	MARIA PILAR GÓMEZ ABALO	*****661D	10



## Concello de Vigo

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BAREMO
15429/77	RAÚL BASALO RODRÍGUEZ	*****445E	10
15318/77	JOSÉ ANTONIO LEA GONZÁLEZ	*****893N	9
15445/77	MARIA JESÚS SAHAGÚN CEBRAL	*****096C	9
15338/77	MARIA TERESA VIDAL GARCÍA	*****174D	8
15364/77	Mª NOELIA COSTA RAMOS	*****354D	8
15365/77	LYDIA GARCÍA RODRÍGUEZ	*****727S	8
15378/77	ÁNGELA MARÍA ÁLVAREZ PASTORIZA	*****615J	8
15381/77	MARTA CASTELOS CORTIZAS	*****940K	8
15382/77	PAULA RIVERA GARCÍA	*****648M	8
15394/77	FRANCIELA DEL CARMEN PÉREZ PINTO	*****806S	8
15400/77	FRANCISCO MARTÍNEZ COMESAÑA	*****240P	8
15401/77	CARLOS BERNÁRDEZ FERNÁNDEZ	*****316N	8
15404/77	JORGE LUIS VILLALOBOS PERNALETTE	*****113N	8
15406/77	Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ ALONSO	*****568N	8
15409/77	ARIANE GOES MARTÍNEZ	*****852H	8
15431/77	FÁTIMA MARTÍNEZ PUENTES	*****703F	8
15440/77	GUIBRA MULTISERVICIOS, SL	B27852649	8
15442/77	TANIA MARÍA PAZO VILA	*****473V	8
15451/77	AMANDA VÁZQUEZ PÉREZ	*****139Z	8
15366/77	FRANCISCO MANUEL OTERO PEGITO	*****760W	6
15396/77	GUILLERMO ENRIQUE PIÑATE	*****877K	6
15407/77	JONATHAN MANUEL VIEITES PENEDO	*****206P	6
15418/77	JAVIER MADRIÑÁN LAGO	*****563A	6
15421/77	ALBA GALLEGO SALINAS	*****314R	6
15450/77	ESTEBAN GONZÁLEZ ROMÁN	*****364Z	6
15405/77	FLORIN IULIAN CIAUSU	*****390Z	4
15427/77	MIGUEL DE MATOS FERNÁNDEZ	*****092H	4

TERCEIRO.- Aceptar o desestamento, ao abeiro do disposto na base 2ª, apartados a.6 e b.6. Concesión das axudas e tramitación do pagamento e declarar concluído o procedemento correspondente de conformidade aos artigos 84 e seguintes da LPAC, da solicitude seguinte:

EXPTE.	SOLICITANTE	NIF
15412/77	EULOGIO JOSÉ GAVELA CRESPO	*****89G

CUARTO.- Denegar as axudas ás solicitudes que non cumpren cos requisitos, ou non achegan a documentación requirida :

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	CÓD. DENEGACIÓN (*)
15379/77	ANTONIO TOUZA RODRÍGUEZ	*****968E	DOC
15395/77	PETS & CO VIGO, CB	E27848845	DEB
15398/77	FERNANDA ÁLVAREZ MALLEIRO	*****659P	DOC
15410/77	EL POZO MÁGICO CB	E27848167	DOC
15415/77	ROBERTO MACHÍN MADRIGAL	*****487V	CES
15426/77	LILIANA DEL CARMEN TUNZI GÓMEZ	*****206V	DOC
15436/77	ROSALÍA NIEVES GARCÍA PÉREZ	*****394W	DOC
15439/77	MARÍA LUISA CHORÉN DURÁN	*****796V	DOC
15446/77	JOSÉ PEDRO LEMOS PIRES	*****956B	DEB, DOC
15447/77	JOSÉ IGNACIO RODRÍGUEZ PACHÓN	*****591R	DOC
15448/77	DIEGO ALEJANDRO HERNÁNDEZ SANDOVAL	*****523Z	DOC

**(\*) CÓDIGOS DE DENEGACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2018**

COD.	CONCEPTO	BASE	APTDO.
CES	Cese da actividade empresarial	1ª	1.4
DEB	Ter débedas co concello a empresa e/ou algún/s promotor/es	1ª	1.3.5
DOC	Falta de documentación requirida en prazo	4ª	4.2

QUINTO: Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015, de LPAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

SEXTO: Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 141.1.c) da Lei 40/2015, de LRXSP, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **5(1236).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DE OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO. EXPTE. 14723/77.**

Dáse conta do informe-proposta do 26/10/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Antecedentes:**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2018, aprobouse a “Convocatoria e a bases reguladoras das “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS “SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO”.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 19, do 26 de xaneiro de 2018 e o extracto da convocatoria remitidos pola BDNS foi publicado no BOP no seu número 36 de data 20 de febreiro de 2018 e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (21/02/2018 ao 06/03/2018).

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 20 de setembro de 2018, aprobou o OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA O “FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO”

Na resolución definitiva aprobada na devandita Xunta de Goberno Local, detectouse un erro: O expdte. 15032/77 figura a nome de MARTA MARIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ co NIF 36133287B, cando ésta é a representante da empresa solicitante DESARROLLO E INNOVACION MEDICA C.B. e NIF E27822725 que é a empresa solicitante da subvención; polo que procede corrixir este erro.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

A tenor do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/1995, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Da mera consulta do expediente 15032/77 pode advertirse a existencia do erro material detectado, polo que resulta procedente dar cumprimento, unha vez corrixido o erro detectado, á publicidade esixida na Base de Datos Nacional de Subvencións da rectificación dos datos da entidade beneficiaria, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

É competente para a adopción deste acordo a Xunta de Goberno Local.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do disposto no artigo 109.2 da LPAC, e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

## **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Corrixir o erro detectado no acordo adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 20 de setembro de 2018 da Xunta de Goberno Local de OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA O “FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO” onde di: MARTA MARIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ co NIF 36133287B debe dicir: DESARROLLO E INNOVACION MEDICA C.B. e NIF E27822725.

**SEGUNDO:** Proceder á publicidade esixida na Base de Datos Nacional de Subvencións mediante a corrección dos datos da entidade beneficiaria, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

**TERCEIRO:** NOTIFICAR o presente acordo aos interesados no expediente 15032/77, con indicación de que será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

## **6(1237).- PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2019. EXPTE. 55/142.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os dous informes emitidos polo Interventor xeral con data 25 e 26 de outubro, dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, de data 17/10/18, que di o seguinte:

O Proxecto de Orzamentos do ano 2019, encomezou o proceso de formación coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación. Os marcos orzamentarios remitidos ao MINHAP, para o período 2019-2021, asinado en data 14/03/2018, nº rexistro 2018-00166121-E dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 28 de marzo de 2018, marcan o contexto xeral no que se teñen que formar.





## Concello de Vigo

O segundo paso que fundamenta a formación do orzamento, é o cumprimento, aprobación e remisión das liñas fundamentais do Orzamento para o ano 2019, que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de 10/09/2018, asinadas e enviadas ao Ministerio de Hacienda o 10/09/2018, das que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 26 de setembro.

Polo tanto, o criterio xeral de formación está delimitado polo marco orzamentario e as liñas fundamentais do orzamento, ambos documentos remitidos ao Ministerio de Facenda, así como a Autoridade Fiscal Independente.

Os criterios que se estableceron nos documentos precitados, foron aplicados ao Proxecto do Orzamento, coa variación en relación co capítulo de investimentos, que a teor dos acordos adoptados, a contía é maior ca prevista no marco orzamentario de medio prazo, e axustada a contía prevista nas liñas fundamentais do orzamento enviadas, aínda que sen repercusión na Regra Fiscal de Gasto, xa que ao ser subvencións finalistas, non computan no cálculo.

Así mesmo, hai que ter en conta os acordos adoptados en relación cos obxectivos previstos para continuar pola senda da consolidacións fiscal en relación coas regras fiscais de gasto, estabilidade orzamentaria e endebedamento para o seguinte trienio.

O acordo adoptado polo Consello de ministros o 20 de xullo de 2018, foi rexeitado polo Pleno do Congreso na sesión do 27 de xullo, polo que están prorrogados os aprobados polo Consello de Ministros en sesión de 7 de xullo de 2017. O Consello de Ministros en sesión do 15/10/2018 ratificou o acordo de 20 de xullo.

O artigo 15.6 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria establece que, despois do rexeitamento das Cortes ao teito de gasto, o Goberno ten que volver remitir un novo acordo nun prazo máximo dun mes.

A esta data non hai acordo das Cortes sobre os obxectivos fiscais.

En consecuencia, os obxectivos a ter en conta, son os prorrogados do ano 2017 aplicables ao período 2018-2020.

Obxectivos, % sobre PIB (±). Proposta rexeitada, Consello Ministros 20/07/2018				Obxectivo estabilidade (±), % s/PIB. Prórroga C.M 7/7/2017		
Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Administración Central	-0,40%	-0,10%	0,00%	-0,70%	-0,30%	0,00%
Seguridade Social	-1,10%	-0,90%	-0,40%	-1,20%	-1,10%	-0,50%
Comunidades Autónomas	-0,30%	-0,10%	0,00%	-0,30%	-0,10%	0,00%
Entidades Locais	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Total	-1,80%	-1,10%	-0,40%	-2,20%	-1,50%	-0,50%

Débeda segundo PDE, % sobre PIB, proposta rexeitada				Débeda segundo PDE, % s/ PIB, prórroga		
Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Administración Central e Seguridade Social	70,10%	68,90%	67,20%	70,90%	69,70%	67,70%
Comunidades Autónomas	23,70%	23,00%	22,20%	24,00%	23,10%	22,30%
Entidades Locais	2,30%	2,20%	2,10%	2,70%	2,60%	2,50%
Total	96,10%	94,10%	91,50%	97,60%	95,40%	92,50%

(TRCPIB) s/PIB, proposta rexeitada			(TRCPIB) s/PIB, prórroga			
Subsectores	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Entidades Locais	2,70%	2,90%	3,10%	2,40%	2,70%	2,80%

O Proxecto de Orzamento que se presenta está a encadrarse no Marco Orzamentario de medio prazo e nas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do previsto no artigo 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Como criterio máis salientable do anteproxecto, tendo en conta a TRCPIB e os límites que cada ano se aproban como fórmula para conter o gasto dentro da proxección da economía, está o control na evolución do gasto corrente non financeiro que ven sendo unha norma xeral nestes últimos anos. A tal efecto, véñense adoptando medidas de contención do gasto voluntario e operativo, aumentando os empregos nas dotacións en políticas sociais, educativas, emprego, cultura, deportes e sobre todo, na prestación dos servizos públicos básicos.

Tal e como se fai constar na Memoria e no informe económico do estado de gastos, as políticas de prestación de servizos básicos e as de promoción social tiveron crecementos importantes, moi por encima da TRCPIB e da previsión de variación do PIB.

O Proxecto está artellado igual que nos anos precedentes, nun contexto económico dun pequeno crecemento de ingresos, aínda que as previsións do FMI estiman un crecemento do PIB<sub>2019</sub> do 2,2%, o Banco de España sitúa este crecemento no 2,4%, FUNCAS estima o crecemento nun 2,2% e o Goberno nun 2,3%, sendo o crecemento dos recursos propios previsto no proxecto de Orzamentos inferior que o previsto para estas macrovariables.

A esta data, non está en trámite o Proxecto de Orzamento Xeral do Estado para o ano 2019, polo tanto, hai unha ausencia absoluta de información, sendo a base de cálculo dos ingresos que se reflicten no Proxecto de Orzamento que se tramita, a Liquidación Orzamentaria do ano 2017 e as previsións de Liquidación para o ano 2018, información que figura no expediente.

Se se ten en conta a totalidade dos recursos correntes non financeiros, a variación entre o ano 2018 e o previsto para o ano 2019, é do 2,63% en termos consolidados, xustificado nos informes técnicos que se incorporan ao expediente.

En canto á cesión dos tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento, as previsións coas que se está a traballar, son as correspondentes ás entregas a conta do ano 2018, sin que se estea a estimar a liquidación definitiva do ano 2017.

A transferencia da Administración Central ao Transporte Público colectivo urbano mantén a previsión de ingreso do ano 2018.

Na análise das variacións que se reflicten, están referenciadas aos estados consolidados.

As achegas ao Transporte colectivo urbano e as da Lei de dependencia e drogodependencia, son axudas que son consideradas afectadas aos efectos da Regra Fiscal de Gasto.

Para o ano 2019, non se propuxo a actualización des Ordenanzas Fiscais, aínda que a variación do PIB<sub>2019</sub> vai estar nunha horquilla entre o 2,2% e o 2,4%, a variación do IPC interanual que se toma aos efectos de actualización dos tipos fiscais foi do 2,1% e a TRCPIB<sub>2019</sub> é dun 2,7%, concurrían polo tanto as circunstancias para unha actualización, aínda que, tendo en conta a situación económica xeral, considerouse que nesta conxuntura era máis oportuno non alterar os tipos fiscais.



## Concello de Vigo

A variación no capítulo 1 é do 0,91%, xustificada nas melloras censais, tanto do IBI, IBICE, IVTM e no IAE, producíndose aumentos en todos eles.

As variación que se producen no capítulo 2 é do 0,69%, ten causa nos axustes relacionados coa cesión do IVE e II.EE, axustando as contías ás entregas a conta do ano 2018.

O Capítulo III, ten unha variación do 2,02%, sendo a base de cálculo a información sobre a Liquidación do ano 2017 e as previsións de liquidación do ano 2018, información que tamén foi remitida ao MINH e que ten a súa xustificación no informe económico de ingresos.

En canto a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, mantéñense as achegas do ano precedente computando unha previsión de liquidación como en anos anteriores.

As axudas a Drogodependencia manteñen o mesma previsión ca do ano 2018.

O Servizo de Axuda no Fogar aumenta a súa previsión, xustificada polo incremento no número de horas na prestación + 128.497,21 horas, polo que, como a Xunta de Galicia financia unha parte do custe, 9,7 euros hora, as previsións que se fixeron axústanse ás horas de servizo que hai que prestar, tendo a súa contrapartida no incremento do custe do contrato.

Na cuantificación das previsións contidas no capítulo 7 do estado de Ingresos, -Subvencións de Capital-, a súa orixe é o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible e Integrado para o período 2014–2020 e os Convenios asinados con outras Administracións, quedando a súa composición reflectida con gran detalle na Memoria e no Informe económico de gastos, onde quedan asociadas as contías de cada un dos ingresos e a súa aplicación. Tamén no Plan de investimento e Financiamento a catro anos, amósase para cada un dos empregos, o tipo de financiamento asociado.

En canto aos pasivos financeiros, este é o quinto ano que o proxecto de Orzamento que se somete a aprobación, non ten previsto o financiamento con apelación ao mercado de capitais, estando financiado tanto os empregos correntes non financeiros como os de capital non financeiro, con recursos propios ou convenios con outras administracións.

Artellado o expediente que conforma o Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2019, que está integrado polo da propia Entidade e o Organismo Autónomo Administrativo XMU, visto que o expediente está completo, axustándose ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axustouse ás directrices dadas, verificado que as dotacións que nel figuran cobren todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos e quedando reflectidos a totalidade dos compromisos, en uso das competencias que me foron delegadas pola Resolución da Alcaldía de 19 de Xuño de 2015, proponse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Clasificación por Áreas de Gastos.

Clasificación por Áreas de Gastos e Capítulos

Clasificación por programas de gastos con resume por capítulos.

Clasificación por capítulos de Gastos e Ingresos.

Clasificación económica de ingresos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2018-2019

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	65.770.783,38	67.882.697,30	3,21%	107.973.311,88	108.960.818,00	0,91%
2	119.979.042,90	123.267.438,51	2,74%	8.435.311,27	8.493.508,00	0,69%
3	3.530,00	3.530,00	0,00%	38.467.338,63	39.271.725,53	2,09%
4	33.926.225,42	33.968.597,81	0,12%	76.526.805,07	80.193.073,39	4,79%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.393.000,00	3.020.200,00	26,21%
Operc. C.N.F	220.279.581,70	225.722.263,62	2,47%	233.795.766,85	239.939.324,92	2,63%
6	31.130.357,41	29.812.598,54	-4,23%	,00	,00	0,00%
7	931.069,50	980.748,24	5,34%	18.545.241,76	16.576.285,48	-10,62%
Operac. N.F	252.341.008,61	256.515.610,40	1,65%	252.341.008,61	256.515.610,40	-1,65%
8	646.000,00	646.000,00	0,00%	646.000,00	646.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	252.987.008,61	257.161.610,40	1,65%	252.987.008,61	257.161.610,40	1,65%

### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2018-2019

CAPÍTULO	Gastos dos estados consolidados			Ingresos dos estados consolidados		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	69.712.103,38	71.949.645,30	3,21%	107.973.311,88	108.960.818,00	0,91%
2	121.690.910,43	125.158.944,96	2,85%	8.435.311,27	8.493.508,00	0,69%
3	3.530,00	3.530,00	0,00%	39.812.438,63	40.616.825,53	2,02%
4	28.102.825,42	28.028.597,81	-0,26%	75.402.392,60	79.233.196,66	5,08%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.403.000,00	3.030.200,00	26,10%
Operac. N.F	220.109.369,23	225.740.718,07	2,56%	234.026.454,38	240.334.548,19	2,70%
6	34.781.257,41	30.139.367,36	-13,35%	3.300.000,00	,00	-100,00%
7	981.069,50	1.030.748,24	5,06%	18.545.241,76	16.576.285,48	-10,62%



## Concello de Vigo

Operacións. N.F	255.871.696,14	256.910.833,67	0,41%	255.871.696,14	256.910.833,67	0,41%
8	671.000,00	671.000,00	0,00%	671.000,00	671.000,00	0,00%
9	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
<b>Total</b>	<b>256.542.696,14</b>	<b>257.581.833,67</b>	<b>0,41%</b>	<b>256.542.696,14</b>	<b>257.581.833,67</b>	<b>0,41%</b>

### CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2018-2019

Área	Descrición	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2018	2019		2018	2019	
0	Débeda Pública	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	128.643.501,40	130.930.124,19	1,78%	132.199.188,93	131.350.347,46	-0,64%
2	Actuación de protección e promoción social	21.492.546,72	24.127.979,87	12,26%	21.492.546,72	24.127.979,87	12,26%
3	Producción B. públicos carácter preferente	46.842.455,92	45.074.856,93	-3,77%	46.842.455,92	45.074.856,93	-3,37%
4	Actuacións de carácter económico	18.391.100,59	19.332.187,28	5,12%	18.391.100,59	19.332.187,28	5,12%
9	Actuacións de carácter Xeral	37.617.403,98	37.696.462,13	0,21%	37.617.403,98	37.696.462,13	0,21%
<b>Total</b>		<b>252.987.008,61</b>	<b>257.161.610,40</b>	<b>1,65%</b>	<b>256.542.696,14</b>	<b>257.581.833,67</b>	<b>0,41%</b>

### RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2018- 2019

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2018	Importe 2019	Variación %	Importe 2018	Importe 2019	Variación %
1	3.941.320.00	4.066.948.00	3.19%			
2	1.711.867.53	1.891.506.45	10.49%			
3				1.345.100.00	1.345.100.00	0.00%
4	1.325.512.47	1.368.856.73	3.27%	6.024.500.00	6.348.980.00	5.39%
5				10.000.00	10.000.00	0.00%
<b>Op. Corr. NF</b>	<b>6.978.700.00</b>	<b>7.327.311.18</b>	<b>5.00%</b>	<b>7.379.600.00</b>	<b>7.704.080.00</b>	<b>4.40%</b>
6	3.650.900.00	326.768.82	-91.05%	3.300.000.00	.00	-100.00%
7	50.000.00	50.000.00	0.00%			0.00%
Op. Cap. NF	3.700.900.00	376.768.82	-89.82%	3.300.000.00	.00	-100.00%
<b>T. Op. N.F</b>	<b>10.679.600.00</b>	<b>7.704.080.00</b>	<b>-27.86%</b>	<b>10.679.600.00</b>	<b>7.704.080.00</b>	<b>-27.86%</b>
8	25.000.00	25.000.00	0.00%	25.000.00	25.000.00	0.00%
<b>Total</b>	<b>10.704.600.00</b>	<b>7.729.080.00</b>	<b>-27.80%</b>	<b>10.704.600.00</b>	<b>7.729.080.00</b>	<b>-27.80%</b>

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e Xerencia Municipal de Urbanismo, coa excepción da regulación propia que se aprobe para o Organismo Autónomo.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO.- Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2019-2022, que quedará sometido aos axustes que cada ano se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

SEXTO.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SÉTIMO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2019, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2019, se fose o caso, procederáse a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.

O Pleno da Corporación pronunciarase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, sobre proposta da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

### **7(1238).- NOMEAMENTO INTERINO, POR EXECUCIÓN DA AMPLIACIÓN DE PROGRAMA PARA IMPLEMENTAR O NOVO PLAN DE ESTUDOS DA EMAO-PEEMAO 2015- Á ESPECIALIDADE DE PINTURA, DUN MESTRE DE PINTURA PINTURA. EXPTE. 32815/220.**

Visto o informe de fiscalización do 26/10/18, dáse conta do informe-proposta do 25/10/18, asinado pola técnica de Administración Xeral Área de Recursos Humanos e Formación, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión sesión extraordinaria e urxente do 11/10/2018, aprobou a ampliación do programa inicial aprobado pola Xunta Reitora da EMAO para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015) á especialidade de pintura. expte 559-613.



## Concello de Vigo

II.- No punto cartado do citado acordo: "No exercicio 2015 realizouse na EMAO un proceso selectivo para funcionarios interinos para a docencia transitoria de debuxo artístico (expediente 1976-13). En base ao resultado de dito proceso, mediante resolución da presidenta do Organismo Autónomo EMAO de data 09-09-2015, constituíuse de conformidade co disposto no apartado 13 das Bases reguladoras, unha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación obtida) aos efectos do seu nomeamento, de ser o caso, en supostos de ausencia ou renuncia do titular... Se ben o proceso selectivo a que non estamos a referir foi para a docencia de Debuxo Artístico, propónse acudir a lista de substitucións resultante deste proceso para a contratación dun mestre que imparta a docencia de Pintura, tendo en conta que son especialidades afíns que se complementan, tal e como se xustificou no seu momento e se volve a xustificar de seguido.

III.- En base ao anterior o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 15/10/2018, ordenou "Incoar expediente administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación para o sometemento á aprobación na Xunta de Goberno Local do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino por execución da aprobación á ampliación do "programa para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PEEMAO 2015) á especialidade de pintura, por un período máximo de 9 meses, o abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público."

IV.- Verificadas as listaxes de reserva para as categorías de Mestre de Formación (pintura) existen listaxes viventes con persoas en condicións de ser notificadas. Que verificadas a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como mestre de formación (pintura) de Serrano Mato J.A. con DNI \*\*\*\*\*554-M de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e viventes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

V.- Con data 22/10/2018, polo Técnico de Organización e Planificación, fórmase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

#### **I.- Lexislación aplicable**

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º**) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmou que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) **“El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar**





## Concello de Vigo

**parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”**

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Dado que organismo autónomo da EMAO incorporouse ao Concello de Vigo na data 01/01/2016, momento en que este último pasa a xestionar o seu persoal, partimos dos datos proporcionados polo Servizo de Educación nos diversos documentos que constan anexados ao expediente (559-613 unido ao 32815-220), segundo os cales A Xunta Reitora da EMAO en sesión de 18 de maio de 2015 aprobou o “programa para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PEEMAO2015)”, derivado do citado acordo de aprobación do Plan de Estudos de data 16-04-2015 coa finalidade de facilitar o seu arranque e desenvolvemento e acadar a súa eficacia, iniciando esta implantación no curso 2015-2016 (expte. 1984/13). Entre outras accións específicas para a súa implantación este programa contempla a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir a docencia das especialidades de Ourivería, Serigrafía artística, Debuxo artístico e Moda e confección, dispoñendo que os procesos selectivos deberán rematar e, en consecuencia, ser efectivo o nomeamento do profesorado destas especialidades, antes do comezo do curso 2015-2016. Este programa foi prorrogado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/08/2018 (Expte. 479/613).

Ditos nomeamentos serán revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate das prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 13/09/2019.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto Cód. 654. mestre de formación), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou

acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III. Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no punto catro do acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión sesión extraordinaria e urxente do 11/10/2018, pola que se aproba a ampliación do programa inicial aprobado pola Xunta Reitora da EMAO para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015) á especialidade de pintura. expte 559-613. Resulta necesario ampliar o “programa para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PEEMAO2015)” aprobado pola Xunta Reitora da EMAO en sesión de 18 de maio de 2015 á especialidade de Pintura.

O Plan componse na especialidades de Pintura de catro niveis: Iniciación, Perfeccionamento I, Perfeccionamento II e Avanzado (Básico, Medio, Superior e Avanzado en programación de tarde), polo que o ciclo completaría no curso 2018-2019, sendo necesario o nomeamento como interino dun mestre de formación capacitado para impartir esta especialidade.

Tendo en conta o anterior, así como a instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 15/10/2018, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de



## Concello de Vigo

planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

### IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por o período comprendido entre o 01/11/2018 ata o 15/07/2019 (1 mestres de formación-especialidade de pintura) para a referida ampliación do programa, supón un gasto de **18.924,48 €** (4.369,29 €, corresponden ao presente exercicio e 14.555,19 €, correspondentes ao vindeiro exercicio), ao que haberá que engadirse a cantidade de **5.970,74 €** (1.378,53 €, correspondentes ao presente exercicio e 4.592,21 € correspondentes a 2019) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do vixente orzamento aprobado para o presente ano 2018.

### V. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta nos Informes de verificación administrativa obrantes no expediente, temos que:

Verificadas as listaxes de reserva para as categorías de Mestre de Formación (pintura) existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas. Que verificadas a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como mestre de formación (pintura) de Serrano Mato J.A. con DNI \*\*\*\*\*554-M de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

### VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das

delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia do nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de ampliación do programa de carácter temporal – un mestre de formación (especialidade de pintura-subgrupo C1) - , ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, finalizando en todo caso o 15/07/2019 (ampliación programa máximo 9 meses), xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, que constan no expediente 559/613 “ampliación do programa inicial aprobado pola Xunta Reitora da EMAO para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015) á especialidade de pintura. expte 559-613”); aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión sesión ordinaria do 11/10/2018.

En consecuencia, autorizar o gasto de **18.924,48 €** (4.369,29 €, corresponden ao presente exercicio e 14.555,19 €, correspondentes ao vindeiro exercicio), ao que haberá de engadirse os custos de Seguridade Social que constan no informe económico anexado ao expediente, elo con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente.

**SEGUNDO:** Nomear funcionario/ interinos/a por execución de programa de carácter temporal "ampliación do programa inicial aprobado pola Xunta Reitora da EMAO para implementar o novo Plan de Estudos da EMAO (PREMAO 2015) á especialidade de pintura. expte 559-613)", por un período máximo de de nove meses (novembro 2017 a xullo/2019), como mestre de formación-especialidade de pintura, a **Serrano Mato J.A. con DNI \*\*\*\*\*554-M** na súa condición de seguinte aspirante a ser nomeado de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que o referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da ampliación do programa (07/2019) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 654-Mestre de formación, sendo adscrito ao Servizo de Educación, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos funcionarios interinos nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



## Concello de Vigo

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao Servizo de Educación, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e oito minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez